



Cofinanciado por el Mecanismo «Conectar Europa» de la Unión Europea



Fondo Europeo de Desarrollo Regional  
"Una manera de hacer Europa"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural  
Europa invierte en las zonas rurales

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN  
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D  
Edificio CACTUS – Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
Tel. 881816201  
Correo electrónico: citinfo@usc.es  
http://imaisd.usc.es

[Versión en ESPAÑOL](#)

[ENGLISH version](#)

## CONCURSO PÚBLICO NÚMERO 14/2018

**RESOLUCIÓN 14/2018, DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO PUBLICO DE MÉRITOS, PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL QUE ESPECIFICAMENTE COLABORE NAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN QUE FIGURAN NO ANEXO DESTA RESOLUCIÓN.**

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público de méritos Nº 14, polo procedemento de urxencia, para contratar persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo desta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

### BASES DA CONVOCATORIA

#### 1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará e traballará específica e unicamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado, que é de carácter finalista e en todo caso non estrutural, mediante o financiamento externo a través da participación en convocatorias públicas ou privadas, subscripción de convenios, concesión de subvencións, etc.

A forma de provisión será a de concurso de méritos, a través da valoración dos criterios de baremación establecidos para cada praza.

#### 2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais

celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo poderán participar os nacionais de países non membros da Unión Europea ou que non estean incluídos no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Non obstante a formalización do contrato laboral con estes nacionais queda condicionada a que os aspirantes teñan concedida a excepción ou permiso de traballo e residencia legal en España.

- Ter cumpridos os 16 anos.
- Estar en posesión da titulación/s válida/s en España que se indique/n no anexo da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

### 3.-PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, (<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/contratacion.htm>). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela <https://sede.usc.es/sede/publica/informacion/aspectosTecnicos.htm> . A documentación complementaria presentarse electrónicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.

**O prazo de presentación de solicitudes será de SETE (7) días naturais** contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria. A solicitude irá asinada polo interesado.

### 4.-DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación que se indica, que deberá ser presentada a través da Sede Electrónica:

4.1.-DOCUMENTO EN FORMATO PDF. DO CURRICULO VITAE, DESTACANDO OS MERITOS QUE SE ESTABLECEN COMO CRITERIOS DE VALORACIÓN E QUE FIGURAN, PARA CADA PRAZA EN CONCRETO, NO ANEXO DA CONVOCATORIA.

4.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE NA QUE O INTERESADO MANIFESTA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE CUMPRE OS REQUISITOS E QUE PODE ACREDITALOS NA DATA FIN DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A Universidade poderá requirir a exhibición dos documentos orixinais xustificativos dos méritos e requisitos, segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato ou información na declaración así como a non presentación da documentación cando lle sexa requirida, determinará a non selección e/ou a non formalización do contrato de traballo, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas aquel houbera lugar.

#### 5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, que poderá consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>, con indicación neste último caso da causa/s de exclusión.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de **TRES (3) días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que que motivaron a súa exclusión.

A subsanación farase **UNICAMENTE** a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Santiago de Compostela.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. Esta listaxe poderase consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/-listaxe.htm>.

Contra a exclusión definitiva poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o Reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

#### 6.-COMISIÓN DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

**Presidente/a:** O/A xefe/a do Servizo de Xestión Actividades de I+D ou persoa na que delegue.

**Secretario/a:** O/A xefe/a do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D o u persoa na que delegue

**Vogais:**

O/A xefe/a de Sección de Convocatorias e Programas de I+D

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do

sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

## 7.-PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A selección dos candidatos farase en dúas fases atendendo ao seguinte procedemento:

### FASE I

I.-O investigador propoñente da praza, á vista das solicitudes e currículos presentadas así como dos criterios de baremación publicados, deberá presentar á comisión de selección un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

### FASE II

II.-A comisión de selección tendo en conta o informe razoado do investigador propoñente, os currículos presentados e os criterios de baremación publicados, elaborará a proposta de adxudicación, que elevará ao reitor.

III.-A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adxudicación do posto convocado.

IV.-Publicarase unha **resolución de adxudicación**, que se poderá consultar no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>.

## 8.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

O persoal contratado a través desta convocatoria adicarase en exclusividade á realización das actividades propias do proxecto/actividade de investigación que orixínase a convocatoria, polo que a duración da contratación está vinculada directamente á propia vida do proxecto/actividade específica así como á existencia de financiación concreta derivada do mesmo.

Os contratos terán carácter laboral temporal e realizaranse preferentemente baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado/ para a realización dun proxecto específico de investigación, ou de acordo co que se dispoña no anexo do contrato convocado, baixo calquera das modalidades contractuais temporais ou formativas previstas na lexislación laboral vixente.

A retribución bruta dos contratos é a especificada, para cada caso concreto, no anexo da convocatoria. O contrato implicará ademais a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social. Os importes contemplados poderán sufrir as variacións que establezan as normas que lles sexan de aplicación ou por causas sobreviñidas non previstas inicialmente.

## 10.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

## 11.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

## 12.-INCOMPATIBILIDADES

Os contratos obxecto da convocatoria quedan sometidos, en canto ao seu réxime de incompatibilidades, ao previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

## 13.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os que figuran, para cada contrato en concreto, no anexo desta convocatoria.

## 14-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven, que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse o taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm>), única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018

Por delegación do Reitor

(Resolución do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)

O Vicerreitor de Investigación e Innovación,

Vicente Pérez Muñuzurri

(Documento asinado dixitalmente)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Fondo Europeo  
de Desarrollo Regional  
"Una manera de hacer Europa"

Convocatoria pública 14/2018

REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG015

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) - CENTROS DE INVESTIGACIÓN SINGULARES 2016 Proyecto cofinanciado en un 80% por el FEDER, en el marco de las ayudas para la acreditación, estructuración y mejora de los centros de investigación singulares y agrupaciones estratégicas consolidadas	
Centro de Trabajo	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)	
Investigador principal	Pérez Meiras, María Dolores	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Síntese, estudo estrutural e aplicación de péptidos anfifílicos	
Funcións a realizar	Síntese de aminoácidos cicloalcanicos polihidroxilados , Incorporación en péptidos , Caracterización estrutural , Estudo de propiedades físicoquímicas	
Retribución bruta mensual	1217,52 €	
Duración do contrato*	10 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo 09:00 13:30 16:00 19:00	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Grao/Licenciatura en Química	25
Ítem nº 2	Curriculum vitae (expediente académico, publicacións científicas, comunicacións a congresos)	25
Ítem nº 3	Experiencia en química de carbohidratos e de péptidos	25
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 14/2018  
REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PG021

2

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación - 2016 GRC GI-1252 Ecotoxicología y ecofisiología vegetal (ECOTOX)	
Centro de Traballo	Facultade de Bioloxía	
Investigador principal	Carballeira Ocaña, Alejo	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Configuración e mantemento de biorreactores para o illamento e cultivo declons de briófitos. - Muestreo, trasplante, procesamento e análise de briófitos terrestres e acuáticos e organismos mariños (macroalgas e bivalvos).	
Funcións a realizar	Mantemento de biorreactores para a produción de clons de briófitos , Tomarmostras biolóxicas e exposición de trasplantes in situ , Procesamento e análise química e biolóxica de mostras in vitro	
Retribución bruta mensual	1167,70 €	
Duración do contrato*	10 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo 10:00 14:15 16:00 19:15	
Categoría laboral	Axudante de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Ciclo Superior de Formación Profesional/Bacharel ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Experiencia extraccions e analisis quimico de mostas biolóxicas	20
Ítem nº 2	Experiencia no cultivo in vitro en bioreactores	40
Ítem nº 3	Manexo de tablas de datos	10
Ítem nº4	FP II, especialidade Análisis e control de calidade	30

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 14/2018

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG025

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GPC GI-1374 'Grupo de Investigación Valle-Inclán da Universidade de Santiago (GIVIUS)	
Centro de Traballo	Facultade de Filoloxía	
Investigador principal	Santos Zas, Margarita	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Administración da Base de Datos "Legado Vale-Inclán Alsina" depositado na USC e dixitalizado íntegramente (14.682 imaxes)	
Funcións a realizar	Revisar e ampliar os campos e etiquetas das plantillas actuáis da BD . Implementar a obra manuscrita do "Legado Valle-Inclán Alsina" . Implementar oepistolario autógrafo de Valle-Inclán . Colaborar nos traballos de investigación e publicación relacionados co fondo manuscrito valleincliniano	
Retribución bruta mensual	1217,52 €	
Duración do contrato*	6 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo 09:00 14:00 16:00 18:30	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Formación acreditada en Humanidades Dixitais (bases de datos, etiquetado TEI) e en metodoloxías aplicadas ao tratamento de manuscritos literarios (critique génétique)	40
Ítem nº 2	Participación en proxectos I+D sobre estudio de los procesos de creación y edición de la obra de Valle-Inclán	15
Ítem nº 3	Coñecemento da obra de Valle-Inclán e realización de tese de doutoramento sobre o escritor	20
Ítem nº 4	Publicacións específicas en revistas especializadas	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



Convocatoria pública 14/2018

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG066

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1667 Razoamento, Discurso e Argumentación (RODA)	
Centro de Traballo	Facultade de Ciencias da Educación	
Investigador principal	López Facal, Ramón	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Crear e manter o sitio web do grupo RODA: publicacións, actividades de investigación e proxectos . Apoio á coordinación e xestión das actividades de investigación	
Funcións a realizar	Crear e manter o sitio web do grupo RODA: publicacións, actividades de investigación e proxectos . Apoio á coordinación e xestión das actividades de investigación	
Retribución bruta mensual	1214,40 €	
Duración do contrato*	22 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (30 horas semanais) L. 08:00-14:00, M. 08:00-14:00, Me. 08:00-14:00, X. 08:00-14:00, V. 08:00-14:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Máster en Formación de Profesorado de Secundaria	10
Ítem nº 2	Experiencia na xestión de actividades relacionadas con investigación en educación	30
Ítem nº 3	Experiencia na xestión de páxinas web de contidos educativos e / ou relacionados coa divulgación da investigación en educación	25
Ítem nº 4	Experiencia en ferramentas informáticas, tipo Atlas-ti, para o procesamento de datos de investigación cualitativas	25
Ítem nº 5	Acreditación de coñecementos de inglés superior a B1	10

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 14/2018

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG076

5

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1786 Comunicación audiovisual: contidos, formatos e tecnoloxía. (GEA)	
Centro de Traballo	Facultade de Ciencias da Comunicación	
Investigador principal	Ledo Andión, Margarita María	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Gravación e edición audiovisual de entrevistas de campo, catalogación de materiais. Colaboración na organización de congresos e simposios. Redacción de informes, actas e novas sobre o grupo de investigación	
Funcións a realizar	Asistencia no traballo de campo das investigacións do grupo: rexistro audiovisual de entrevistas, guionización e montaxe de vídeos, catalogación de materiais. , Apoio ás actividades de difusión de resultados: asistencia en congresos, simposios e cursos de formación organizados polo grupo de investigación. , Elaboración de actas de reunión e informes e asistencia na elaboración de memorias científico-técnicas. , Redacción de novas. Actualización dos contidos web e das redes sociais do grupo. , Revisión e corrección de textos científicos	
Retribución bruta mensual	700 €	
Duración do contrato*	6 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (20 horas semanais) L. 10:00-14:00, M. 10:00-14:00, Me. 10:00-14:00, X. 10:00-14:00, V. 10:00-14:00	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Licenciatura en Xornalismo e/ou Comunicación Audiovisual	20
Ítem nº 2	Expediente académico	10
Ítem nº 3	Coñecementos ou experiencia acreditados en produción, guión, realización e edición de vídeo	10
Ítem nº 4	Coñecemento acreditado da lingua galega (CELGA 4)	10
Ítem nº 5	Conocimiento acreditado de la lengua inglesa (C1)	10
Ítem nº 6	Outros méritos: outras titulación, outros idiomas, cursos especializados no tratamento de vídeo, audio e novas tecnoloxías, publicacións vencelladas á área de coñecemento e ás liñas de investigación do grupo, premios en investigación	20
Ítem nº 7	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 5 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	20

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 14/2018

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG086

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-2132 Química supramolecular e nanotubos peptídicos (QSNTP)	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)	
Investigador principal	Granja Guillán, Juan Ramón	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Control do gasto e Xestión de pedidos de facturas do grupo de investigación GI-2132	
Funcións a realizar	Control do gasto e Xestión de pedidos de facturas do grupo de investigación GI-2132	
Retribución bruta mensual	810 €	
Duración do contrato*	12 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (20 horas semanais) 10:00 14:00	
Categoría laboral	Técnico administrativo	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Grao en Química, Economía	25
Ítem nº 2	Experiencia de xestión de proxectos coa Universidade	25
Ítem nº 3	Experiencia na xestión de proxectos europeos	25
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 14/2018

REFERENCIA DA PRAZA: 2017-PG088

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Consolidación e estruturación 2017 GRC GI-1657 Historia agraria e política do mundo rural. Séculos XIX e XX (HISTAGRA)	
Centro de Traballo	Facultade de Xeografía e Historia	
Investigador principal	Fernández Prieto, Lourenzo	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Xestión administrativa e económica do Grupo HISTAGRA , Traballo de mantemento da páxina do Grupo HISTAGRA histagra.usc.gal , Labores decorrección e edición de publicacións do Grupo HISTAGRA , Traballo con Documentación de carácter histórico	
Funcións a realizar	Xestión administrativa e económica do Grupo HISTAGRA , Traballo de mantemento da páxina do Grupo HISTAGRA histagra.usc.gal , Labores decorrección e edición de publicacións do Grupo HISTAGRA , Traballo con Documentación de carácter histórico	
Retribución bruta mensual	1518 €	
Duración do contrato*	12 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo 09:00 14:00 17:00 19:30	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Licenciatura en Xeografía e Historia / Historia	10
Ítem nº 2	Experiencia en xestión de Grupos de Investigación	25
Ítem nº 3	Experiencia de traballo de investigación con fontes históricas: orais, escritas, visuais	15
Ítem nº 4	Coñecemento acreditado en tratamento de documentación orixinal (oral, imaxe e escrita) de carácter histórico	15
Ítem nº 5	Experiencia en difusión de investigacións históricas web	10
Ítem nº 6	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 14/2018

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG008.00

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Control ecológico de plantas adventicias en cultivos agrícolas en Galicia (CONTECAD). -GRUPOS OPERATIVOS AUTONÓMICOS 2018 Proxecto financiado nun 75% polo FEADER	
Centro de Traballo	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría	
Investigador principal	Rigueiro Rodríguez, Antonio	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Revisión do Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia	
Funcións a realizar	Medicións arborado , Análise de visu , Estado sanitario	
Retribución bruta mensual	1217,52 €	
Duración do contrato*	1 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo 09:00 14:00 16:00 18:30	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Anos de experiencia en revisión, medición e valoración de árbores senlleiras	45
Ítem nº 2	Publicacións sobre árbores senlleiras	15
Ítem nº 3	Grado en Ingeniería Forestal y del Medio Natural	15
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 14/2018

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG008.01

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Control ecológico de plantas adventicias en cultivos agrícolas en Galicia (CONTECAD). -GRUPOS OPERATIVOS AUTONÓMICOS 2018 Proxecto financiado nun 75% polo FEADER	
Centro de Traballo	Instituto Universitario de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)	
Investigador principal	Rigueiro Rodríguez, Antonio	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Identificación de cogomelos , Organizar actividades de fomento do micoturismo: bioblitz, festa da cantarela... , Organizar actividades de fomento do micoturismo: conferencias divulgativas, elaboración de guías divulgativas	
Funcións a realizar	Identificación de cogomelos , Organizar actividades de fomento do micoturismo: bioblitz, festa da cantarela... , Organizar actividades de fomento do micoturismo: conferencias divulgativas, elaboración de guías divulgativas	
Retribución bruta mensual	1300 €	
Duración do contrato*	1 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (30 horas semanais) 09:00 15:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Anos de experiencia en identificación de cogomelos	20
Ítem nº 2	Publicacións relacionadas coa macromicología	25
Ítem nº 3	Experiencia nas actividades obxecto do contrato	30
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.

Convocatoria pública 14/2018

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG049

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	eXplica-IA: Diseñando Sistemas Intelixentes Explicables que Interaccionan con Personasy Generan Explicaciones en Lenguaje Natural -- Modalidade C. Proxectos de excelencia -Consolidación e estruturación 2018	
Centro de Traballo	Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS)	
Investigador principal	Alonso Moral, José María	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Desenvolvemento dunha aplicación informática para o deseño de axentes conversacionais intelixentes	
Funcións a realizar	Deseño da arquitectura software , Desenvolvemento das compoñentes da arquitectura , Integración das compoñentes , alidación e probas	
Retribución bruta mensual	1214,40 €	
Duración do contrato*	6 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (30 horas semanais) 09:00 15:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Estudios no ámbito da enxeñaría en informática	25
Ítem nº 2	Experiencia en intelixencia artificial	25
Ítem nº 3	Experiencia en desenvolvemento de aplicacións	25
Ítem nº 4	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 60 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 14/2018

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG050

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	DESENROLO DUN BIOCIDA SUSTENTABLE DE ACCIÓN PARASITICIDA NO SOLO - Modalidade C. Proxectos de excelencia - Consolidación e estruturación 2018	
Centro de Traballo	Facultade de Veterinaria	
Investigador principal	Arias Vázquez, M <sup>a</sup> Sol	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Obtención de metabolitos de hongos parasiticidas	
Funcións a realizar	Producción de metabolitos. Concentración de metabolitos, preservación. Caracterización de extractos	
Retribución bruta mensual	665,58 €	
Duración do contrato*	12 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (20 horas semanais) 10:00 14:00	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Experiencia en illamento e identificación de fungos con actividade parasiticida e de interese veterinario	25
Ítem nº 2	Formación no deseño de programas de control integrado de parasitos responsables de zoonosis	50
Ítem nº 3	Coñecementos sobre identificación de diferentes especies de carrachas de interese dende o punto de vista zoonótico	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adxudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adxudicación do contrato.



Convocatoria pública 14/2018

REFERENCIA DA PRAZA: 2018-PG103

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Novos enfoques na procura de física alén do Modelo Estándar co experimento LHCb -Modalidade C. Proxectos de excelencia - Consolidación e estruturación 2018	
Centro de Traballo	Instituto Galego de Física de Altas Enerxías	
Investigador principal	Cid Vidal, Xabier	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	análise dos datos de LHCb dunha maneira novidosa en inclusiva, empregando o plano de Armenteros. Para isto, manexará diferentes ferramentas como GPUs ou técnicas de Aprendizaxe Automática	
Funcións a realizar	Análise dos datos do experimento LHCb na procura de novas partículas no plano de Armenteros , Uso do plano de Armenteros para a calibración do campo magnético de LHCb , Desenvolvemento de técnicas de aprendizaxe automática para a detección de procesos descoñecidos , Uso de GPUs para a optimización da aplicación do índice de Theil	
Retribución bruta mensual	404,80 €	
Duración do contrato*	7 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (10 horas semanais) 16:00 18:00	
Categoría laboral	Técnico/a superior de apoio á investigación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do ítem	Puntos
Ítem nº 1	Coñecemento de bases de datos en python	40
Ítem nº 2	Experiencia na aplicación práctica do índice de Theil	30
Ítem nº 3	Manexo de datos do LHC	30

\* A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 14/2018

REFERENCIA DA PRAZA: 2015-PN053

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Paleografía, Lingüística y Filología. Laboratorio online de la lírica gallego-portuguesa. - EXCELENCIA 2015 Este contrato está financiado polo proxecto con referencia FFI2015-68451-P mediante unha axuda da Axencia Estatal de Innovación, e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ( FEDER) correspondente ao marco financeiro plurianual 2014-2020	
Centro de Trabajo	Facultade de Filoloxía	
Investigador principal	Lorenzo Gradín, María del Pilar	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	revisión e edición online da transcripción paleográfica do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa en formato XML	
Funcións a realizar	Revisión da transcripción paleográfica do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa , Redacción dos Criterios empregados na transcripción do código B , Establecemento dos formatos de presentación do texto editado	
Retribución bruta mensual	1500 €	
Duración do contrato*	3 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo 10:00 14:30 16:00 19:00	
Categoría laboral	Investigador/a en formación	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Grao ou titulacións anteriores equivalentes		
Os solicitantes deberán estar matriculados nun programa de doutoramento na USC		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Experiencia relacionada coa transcripción dos cancioneiros galego-portugueses	50
Ítem nº 2	Artigos, capítulos de libro, comunicacións a Congresos (con publicación íntegra) relativos ao obxecto de estudo do Proxecto	40
Ítem nº 3	Experiencia laboral no manexo de bases de datos e no eido editorial. Outras publicacións sobre as literaturas hispánicas medievais	10

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 14/2018

REFERENCIA DA PRAZA: 2015-PN266

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Enteromyxosis en rodaballo: diagnóstico precoz y análisis de los cambios en la fisiología del tubo digestivo mediante estudio de expresión génica con RNA-seq. RETOS 2015 Este contrato está financiado polo proxecto con referencia AGL2015-67039-C3-3-R mediante unha axuda da Axencia Estatal de Innovación, e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ( FEDER) correspondente ao marco financeiro plurianual 2014-2020	
Centro de Traballo	Facultade de Veterinaria	
Investigador principal	Gómez Pardo, M <sup>a</sup> Belén	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Análise dos cambios na expresión xénica mediante RNA- seq durante a enteromyxosis en rodaballo	
Funcións a realizar	Caracterización dos perfís de expresión xénica de diferentes tecidos / órganos de rodaballo (S. maximus) fronte a E. scophthalmi ao longo do proceso infeccioso utilizando RNA- seq , Análise integrada de resultados xenómicos e anatómico-patolóxicos para dilucidar as interaccións patóxeno-hospedador , Identificación de xenes candidatos como biomarcadores de saúde intestinal/enfermidade	
Retribución bruta mensual	1779,35 €	
Duración do contrato*	11 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo completo 09:00 14:00 16:00 18:30	
Categoría laboral	Investigador/a asociado/a	
REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS		
TITULACIÓN REQUIRIDA		
Doutor/a		
MERITOS A VALORAR		
Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Máster en Acuicultura	10
Ítem nº 2	Doutor en Veterinaria	25
Ítem nº 3	Experiencia profesional no ámbito da xenómica en acuicultura	20
Ítem nº 4	Experiencia profesional no ámbito da anatomía patolóxica en acuicultura	20
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente a/os 3 candidata/o/s que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

\*A duración do contrato pode sufrir modificación en función da data de resolución de adjudicación do contrato e/ou da duración da actividade/proxecto de investigación.

\*\* A data de inicio prevista pode sufrir modificacións en función da data de resolución de adjudicación do contrato.

Convocatoria pública 14/2018  
REFERENCIA DA PRAZA: 2016-PN072

15

DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Química supramolecular y dinámica de péptidos cíclicos para el desarrollo de terapias que interfieran en las propiedades de las membranas biológicas. RETOS 2016 Este proxecto foi financiado mediante unha axuda da Axencia Estatal de Innovación, con referencia CTQ2016-78423-R, e cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) correspondente ao marco financeiro plurianual 2014-2020	
Centro de Trabajo	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)	
Investigador principal	Granja Guillán, Juan Ramón	
CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS		
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Estudios biofísicos y propiedades transportadoras de peptidos cíclicos	
Funcións a realizar	Síntesis de péptidos , Caracterización de las propiedades supramoleculares de los péptidos cíclicos , Estudios de las propiedades preentrantes en células	
Retribución bruta mensual	1500 €	
Duración do contrato*	11 meses	
Data de inicio prevista**	A partir do día seguinte á data da resolución reitoral de selección	
Xornada laboral	Tempo parcial (30 horas semanais) 10:00 13:30 16:00 18:30	
